

ANEXO	ENTIDADE DE PERTENZA	
<b>CURSO: O PERMISO DE CONDUCIR POR PUNTOS E OUTRAS REFORMAS LEGAIS</b> LOCALIDADE: OURENSE		
<b>1. SOLICITANTE</b>		
Apelidos: .....	Nome: .....	DNI: .....
Data de nacemento: .....		Teléfono/s de contacto: .....
Enderezo particular: .....		Provincia: .....
Rúa: .....		Concello: .....
<b>2. DATOS PROFESIONAIS</b>		
Corpo de procedencia: .....		
Clase de persoal:		
Categoría: .....		
Grupo de pertenza dentro do corpo: .....		
Ano de entrada no corpo: .....		
Enderezo do posto de traballo: .....		
<b>3. INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OU DO CONCELLEIRO DELEGADO</b>		
Vista a solicitude presentada polo interesado, declaro que o funcionario se atopa en activo, e ten a miña autorización para asistir ao curso		
Lugar e data	Sinatura e selo do órgano informante	Asdo: .....
<b>4. DECLARACIÓN</b>		
Declaro, pola miña honra:		
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude		
Sinatura do/da solicitante: .....		de ..... de 200.....
<b>5. SELECCIÓN</b>		
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o órgano conxunto de selección, resolveu		
<input type="checkbox"/> selección/a		<input type="checkbox"/> non selección/a
		Sinatura e selo do órgano seleccionador:
Lugar e data: .....	Asdo: .....	.....

Director do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia  
Presidente da Deputación Provincial de Ourense

**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

*Resolución do 5 de xuño de 2006 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o Plan de consolidación e competitividade da PEME.*

O Consello de Dirección do Igape na súa reunión, celebrada o día 27 de abril de 2006, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas para o Plan de Consolidación e Competitividade da PEME.

Na base 9ª establécese que a convocatoria de axudas, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos dispoñibles serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas para o Plan de Consolidación e Competitividade da PEME, as cales se anexan a esta resolución.

Segundo.-Aprobar a convocatoria para o 2006 do programa de axudas do instituto reseñado no punto anterior. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes desde o 30 de xuño ao 8 de setembro de 2006, ambas as datas inclusive.

Terceiro.-Os créditos dispoñibles para o exercicio 2006 ascenden a 2.000.000 de €, que se aboarán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e coa seguinte distribución plurianual:

	Denominación	Ano 2007	
11.03.01	Organismos Intermedios	Xeral	1.100.000 €
		Reserva proxectos dirixidos a Pemes de Ferrolterra	250.000 €
		Reserva proxectos base 5.5.4	250.000 €
	Pemes individuais	Xeral	350.000 €
		Proxectos solicitados por Pemes de Ferrolterra	50.000 €

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2006.

José Antonio Delgado Arce  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para o plan de consolidación e competitividade da PEME

O Plan de Consolidación e Competitividade da Pequena e Mediana Empresa (PEME) cuxo obxectivo é modernizar o tecido empresarial a través da incorporación das tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) e a incorporación de técnicas innovadoras, está regulado polo Real decreto 582/2001, do 1 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas e o sistema de xestión do Plan de Consolidación e Competitividade da PEME, cunha vixencia para o período 2000-2006. Este real decreto atribúelle ás comunidades autónomas a promulgación das bases reguladoras nos seus respectivos ámbitos e a tramitación e resolución das solicitudes de subvención e o seu pagamento, conforme os criterios fixados pola Conferencia Sectorial da PEME, correspondéndolle ao Igape a xestión no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Engádense ademais, nas presentes bases, dúas medidas específicas de apoio á empresa familiar e á consultoría de apoio á primeira expansión das pequenas empresas, polo seu interese na concienciación das pequenas empresas e, en particular das empresas familiares, de planificar o seu futuro e abordar con garantías os procesos de expansión iniciais. Estas medidas concretas, pónense en marcha ao abeiro do Decreto 172/2001 sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, e non contarán co cofinanciamento dos fondos do Plan de Consolidación e Competitividade da PEME provistos pola Administración xeral do Estado.

As directrices comunitarias sobre axudas do Estado ás pequenas e medianas empresas (96/C 213/04) e o Regulamento 70/2001 da Comisión Europea relativo á aplicación das ditas axudas, recoñecen a función decisiva das Pemes na creación do emprego e como factor de estabilidade social e dinamismo económico. Así mesmo, recoñece as súas necesidades de axuda que contrarresten aquelas imperfeccións do mercado que puidesen coartar o seu desenvolvemento económico; isto é, axudalas a conseguir a necesaria innovación tecnolóxica e a mellorar a súa xestión.

Preténdese nestas bases manter o apoio ás iniciativas de organismos intermedios cando representen actuacións en beneficio directo da mellora competitiva das pequenas e medianas empresas galegas.

As axudas reguladas nestas bases, segundo o indicado en cada punto, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no punto 8 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Nas convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, como exemplo da implantación de sistemas e tecnoloxías novidosas, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser así mesmo totalmente telemática, a través do rexistro telemático da

Xunta de Galicia, ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto na base 10ª.

Base 1ª.-Obxectivos.

1.1. É obxectivo prioritario das axudas establecidas nestas bases promover a definición de proxectos empresariais integrais e colectivos para un conxunto de Pemes, nos ámbitos da consolidación, modernización, deseño e innovación tecnolóxica e de xestión, a través da actuación dos organismos intermedios como elementos de coordinación e multiplicación dos efectos no conxunto de Pemes participantes nos proxectos.

1.2. Tamén se contempla a actuación individualizada das Pemes en diferentes eidos de actuación, con especial atención ao deseño industrial, a certificación da calidade ou xestión ambiental e, nas empresas familiares a concienciación da importancia da preparación de plans e protocolos de sucesión xeracional.

1.3. Para os efectos destas bases consideraranse Pemes aquelas pequenas ou medianas empresas que cumpran a definición establecida pola Unión Europea e feita pública para efectos do Igape mediante Resolución do 27 de decembro de 2004 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2005), ou aquel outra, se é o caso, a substitúa.

Base 2ª.-Tipos de apoio e réxime de concesión.

2.1. Os apoios previstos nestas bases consistirán en subvencións a fondo perdido a iniciativas concretas en materia de consolidación e competitividade das Pemes a través de proxectos colectivos promovidos e coordinados por organismos intermedios, así como de proxectos individuais de Pemes en eidos concretos de actuación.

2.2. As axudas reguladas nestas bases outorgaranse ao abeiro do disposto no punto 8º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia constituíndo o contido destas bases a súa normativa de aplicación. A tramitación rexerá en réxime de concorrencia competitiva.

Base 3ª.-Requisitos dos beneficiarios.

3.1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os organismos intermedios que presten servizos de carácter empresarial en beneficio das Pemes galegas. Para estes efectos, entenderanse por Organismos Intermedios:

a) Aquelas entidades de carácter público, semi-público ou privado, con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro no desenvolvemento das súas actividades.

b) As entidades con participación maioritaria de capital público que presten servizos de carácter empresarial ás Pemes galegas, cando promovan proxectos subvencionables segundo a base 5ª e non persigan nos ditos proxectos a obtención de beneficios.

3.2. Polo seu carácter non específico de prestación de servizos directamente ás Pemes ou pola súa condición institucional, exclúense como beneficiarios das subvencións as entidades locais, comunidades de veciños, mutuas, asociacións de pais de alumnos, fundacións e asociacións culturais e outras entidades de fins sociais, asociacións relixiosas, sindicais, organizacións de consumidores, caixas de aforro, bancos e outras entidades financeiras (agás sociedades de Garantía Recíproca), institucións feriais e outras similares.

Exclúense igualmente dos organismos intermedios beneficiarios do Plan PEME as AIE (agrupacións de Interese Económico) polo seu carácter mercantil e por realizar actividades de carácter mercantil para os seus socios, e as asociacións e federacións deportivas por non prestaren habitualmente servizos de carácter empresarial ás Pemes.

3.3. Así mesmo, poderán ser beneficiarios destes apoios as Pemes que individualmente poidan presentar proxectos ao abeiro da base 6ª.

3.4. Os beneficiarios de proxectos relevantes ou significativos, aprobados co cofinanciamento dos fondos deste Plan de Consolidación e Competitividade da PEME, cando así o indique a súa resolución, deberán facer constar en toda manifestación pública ou expresión externa a existencia do dito cofinanciamento, por polo menos unha das seguintes vías:

1. Facendo constar explicitamente o cofinanciamento do Plan de Consolidación e Competitividade da PEME 2000-2006.

2. Incluindo con idéntica relevancia nas comunicacións, textos, carteis, etc. os logotipos do Igape, da Dirección Xeral de Política da PEME e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Base 4ª.-Actividades subvencionables.

4.1. As axudas do Plan de Consolidación e competitividade da PEME aplicaranse a proxectos dirixidos ás Pemes dos sectores de industria, comercio, construción e servizos, así como aos organismos intermedios que actúen ao seu favor, sen prexuízo dos regulamentos ou directivas comunitarias especiais establecidas no marco do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea polos que se rexe a concesión de axudas estatais en sectores específicos, tales como siderurxia, construción naval, fibras sintéticas, vehículos de motor e transporte.

4.2. As axudas descritas na presente base non serán de aplicación a proxectos dirixidos ás Pemes dos sectores de produción, primeira transformación ou comercialización polo xunto dos produtos que figuran no anexo I do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (TCE), nin ao sector do carbón.

4.3. Tampouco serán aplicables as axudas a proxectos destinados a actividades relacionadas coa exportación, entendéndose como tales as vinculadas directamente ás cantidades exportadas, ao establecemento ou explotación dunha rede de distribución ou a outros gastos correntes relacionados coa actividade exportadora

4.4. No anexo II a estas bases relaciónanse as actividades subvencionables e non subvencionables segundo o IAE.

Base 5ª.-Proxectos subvencionables propostos por organismos intermedios.

5.1. Os proxectos que presenten os organismos intermedios para acollerse a este réxime de axudas terán que contemplar a prestación de servizos ou a entrega de bens valorables a un conxunto determinado ou determinable de, polo menos, cinco Pemes (non pertencentes aos sectores de actividade excluídos no anexo II) que participarán na súa formulación, execución ou financiamento, entendéndose este tipo de actuacións como gasto específico.

5.2. O proxecto terá que definir o número de Pemes participantes, a súa condición de pequena ou mediana empresa, o sector a que pertencen, o ámbito xeográfico de desenvolvemento do proxecto e o tipo de gasto suplido polo organismo intermedio, co obxecto de determinar a admisibilidade e contía da axuda aplicable ás PEMEs do proxecto. En todo caso unha vez executado o proxecto acreditarase cales foron as Pemes que efectivamente participaron.

5.3. Os proxectos poderán así mesmo conter actuacións de carácter xenérico, entendéndose por tales aquelas que non sexan directamente imputables ao servizo prestado ás empresas, destinados a detectar as necesidades do contorno empresarial: ao estudo e difusión de técnicas e coñecementos ou á identificación das carencias de colectivos de Pemes e cuxo custo non deberá ser superior ao 50% do gasto subvencionable. As actuacións de carácter xenérico terán que estar xustificadas no contexto do proxecto e reducirse ás estritamente necesarias para que o proxecto poida realizarse.

5.4. Excepcionalmente, cando o tipo de proxecto así o aconselle, poderase considerar que o custo das actuacións de carácter xenérico poida superar o límite do 50% anteriormente establecido.

5.5. Tipoloxías de proxecto:

5.5.1. Sociedade da información.

a) Proxectos de adaptación e implantación de ferramentas de control e modelización nas Pemes, baseadas en novas tecnoloxías da información e as comunicacións, para a mellora dos seus procesos: produción, comercialización, información ou xestión.

b) Proxectos que baseados en redes telemáticas faciliten o desenvolvemento de portais para conxuntos de empresas, de carácter sectorial ou horizontal, con contidos como:

-Comercio electrónico.

-Tendas virtuais, catalogos virtuais, etc.

-Creación, enlaces e albergue de páxinas web.

-Sistemas de teletraballo ou teleasistencia en ámbitos de xestión empresarial.

Non se considerarán axustados ao programa os proxectos que como gasto específico presenten exclusivamente a adquisición de equipamento informático por parte das empresas participantes, senón

que é preciso proporcionar a través do proxecto, servizos de valor engadido na capacidade de xestión das Pemes.

5.5.2. Innovación de procesos: xestión e organización en Pemes.

a) Proxectos destinados a un colectivo determinado ou determinable de Pemes, sectorial ou horizontal, que poidan facilitar ás participantes do mesmo traballo unha diagnose da súa situación comparada, por exemplo mediante análise benchmarking.

b) Proxectos destinados a asesorar e facilitar a implantación nun conxunto de Pemes de procesos e mecanismos para a mellora da xestión e organización (sistemas innovadores de xestión, metodoloxías de optimización de organización, análise e proposta de mellora de procesos empresariais, ...).

5.5.3. Innovación en técnicas empresariais.

5.5.3.1. Deseño:

a) Proxectos de deseño de produto para aplicalo a un conxunto determinado ou determinable de Pemes: deseño das características funcionais, estéticas e/ou ergonómicas de novos produtos ou redeseño das devanditas en produtos existentes (exclúese o deseño de produtos de ciclo curto -inferior a 1 ano-salvo cando supoñan unha nova liña de actividade nas Pemes).

b) Proxectos de deseño de envases, embalaxes, soportes e etiquetas destinados a mellorar a presentación de produtos ou servizos para un conxunto determinado ou determinable de Pemes, tanto desde o punto de vista técnico (formas, materiais, características estruturais) como desde o punto de vista gráfico (lendas, cores, grafismos), ou realizados por Pemes fabricantes dos mesmos para uso de terceiros.

c) Proxectos de deseño gráfico para a aplicación a un conxunto determinado ou determinable de Pemes:

-Deseño ou redeseño de identidade corporativa e elementos constitutivos.

-Deseño de elementos de comunicación: folletos, catálogos, dípticos, CD, anuncios, páxinas web e/ou videopresentacións.

d) Análise de situación, auditorías de deseño e implantación de sistemas de xestión do deseño máis eficaces propostos para un conxunto de empresas por organismos intermedios.

5.5.3.2. Redes Interempresariais de cooperación:

a) Proxectos de identificación de problemáticas, necesidades e determinación das posibles solucións a través da cooperación, para colectivos de Pemes interrelacionados, propostos por organismos intermedios.

b) Análise de viabilidade e definición das actuacións conxuntas máis ventaxosas para un colectivo de Pemes, propostos por organismos intermedios (poden ir desde a simple fusión de catálogos ata a fusión de empresas).

5.5.3.3. Sistemas de calidade e xestión medioambiental:

a) Proxectos para a implantación nun colectivo determinado ou determinable de Pemes pertencentes aos sectores da construción, comercio ou servizos e no propio organismo intermedio, se así o propuxese, de normativas de aseguramento da calidade (ISO 9000, ISO 17.025, Q de calidade turística, UNE 175001 de comercio retalista) e/ou medioambiente (ISO 14000) que permitan obter a certificación dunha entidade certificadora acreditada por ENAC. Os proxectos consideraranse realizados cando as Pemes acrediten que se iniciou o proceso de certificación.

b) Elaboración de procesos de normalización (calidade ou ambiente) nun colectivo de PEME de sectores non industriais, propostos por organismos intermedios; estes proxectos poden contemplar estudos comparativos de nivel acadado (normativa e grao de aplicación) con outras rexións ou países.

5.5.4. Proxectos promovidos por organizacións tipo clúster galegas.

5.5.4.1. Dentro de calquera das tipoloxías de proxecto definidos nos anteriores puntos da presente base 5.5., serán prioritarios os proxectos presentados por organizacións tipo clúster galegas; en particular, dentro deles, aqueles que prevexan o aproveitamento ou transmisión de mellores prácticas intra-clúster ou inter-clúster, no eido da mellora da competitividade e da excelencia empresarial, segundo o establecido no punto 2.1 g) da base 7ª.

5.5.4.2. Así mesmo, serán subvencionables e prioritarios os proxectos de elaboración de plans estratégicos para este tipo de organizacións.

5.6. Gastos subvencionables do proxecto incorridos polo organismo intermedio:

5.6.1. Só serán subvencionables aqueles gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada. O período de cobertura dos gastos relativos ás actividades dos proxectos será do 1 de xaneiro de 2006 ata a finalización do prazo marcado na resolución, ambos inclusive, salvo para gastos de investimento que serán aceptados a partir da data de presentación da solicitude de subvención. En ningún caso o custo de adquisición poderá ser superior ao valor de mercado.

5.6.2. Poderanse financiar os seguintes gastos:

a) Gastos directos:

1. En proxectos de sociedade da información, investimentos materiais ou inmateriais necesarios para a implantación da rede telemática (hardware/software): ata o 100% do custo de adquisición (sen IVE). A subvención máxima será de 50.000 €.

2. Gasto de persoal técnico do organismo intermedio directamente relacionado co proxecto. Aplicarase a porcentaxe do salario correspondente ao período de execución do proxecto segundo a dedicación horaria prevista, ata os límites máximos especificados na táboa do anexo III segundo a categoría dos técnicos asignados. Sobre o custo de dedicación resultante, a subvención aplicable será de ata o

100%. O Igape resérvase o dereito de axustar a dedicación proposta cando a considere inxustificada respecto das necesidades do proxecto.

3. Colaboracións externas (consultoría, asesoría, desenvolvemento e implantación de aplicacións ou outros servizos directamente relacionados co proxecto) destinadas á parte xenérica do proxecto, estudo de necesidades comúns, solucións, etc. Cando o importe da colaboración externa supere a contía de 12.000 €, o beneficiario terá que solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado suficiente número de entidades que presten o servizo.

4. Viaxes interurbanos en medio de transporte público (aviación clase turista, tren ou autobús) e aloxamento do persoal técnico do organismo intermedio beneficiario da axuda necesarios para a realización do proxecto. Subvención de ata o 100% do gasto (sen IVE). Os gastos de viaxe subvencionables deben ser propostos en detalle na memoria do proxecto, indicando o obxecto de cada unha das viaxes previstas en relación co proxecto proposto. O custo máximo de aloxamento subvencionable en función da categoría laboral vén reflectido na táboa que se inclúe como anexo III a estas bases.

5. O IVE soportado polo beneficiario cando supoña un custo real para el. No caso de beneficiarios suxeitos á regra da pro rata o dito custo calcularase conxuntamente a pro rata definitiva do último exercicio pechado antes da concesión da subvención, sendo responsabilidade do beneficiario incluír o resultado final na liquidación das súas obrigas fiscais.

b) Gastos indirectos: calcularanse ata un 50% do custo de persoal interno directamente aplicado ao proxecto, sempre que sexa considerado gasto subvencionable. A subvención poderá chegar ata o 100% dos gastos subvencionables aprobados.

5.7. Gastos subvencionables do proxecto imputables ás Pemes participantes:

Os gastos subvencionables do proxecto, que se corresponden cos bens ou servizos prestados ás Pemes participantes, denomínanse gastos específicos subvencionables, e poderán consistir en:

5.7.1. Investimentos en equipos necesarios para a participación nos beneficios do proxecto (hardware/software), só en proxectos de sociedade da información e de deseño: ata o 55% do custo de adquisición (sen IVE). Subvención máxima por PEME: 10.000 €.

5.7.2. Colaboracións externas e servizos asociados.-Subvención: ata o 50% do custo de adquisición (sen IVE).

Cando as Pemes ou patrocinadores participen no financiamento do proxecto, a resolución de concesión poderá contemplar que os documentos acreditativos de gasto achegados por eles sexan admitidos como xustificación de gasto do proxecto segundo o previsto no artigo 7, punto 2º do Real decreto 582/2001, do 1 de xuño.

Base 6ª.-Proxectos propostos por Pemes individuais.

Poderán ser subvencionables os proxectos propostos individualmente por Pemes galegas, segundo a definición dada na base 1.3., cando se axusten a algunha das seguintes tipoloxías:

6.1. Tipoloxías de proxecto:

6.1.1. Deseño.

a) Proxectos de deseño de produto: deseño das características funcionais, estéticas e/ou ergonómicas de novos produtos ou redeseño deles en produtos existentes. (Exclúese o deseño de produtos de ciclo curto -inferior a 1 ano-salvo cando supoñan unha nova liña de actividade nas Pemes)

b) Proxectos de deseño de envases, embalaxes, soportes e etiquetas destinados a mellorar a presentación de produtos ou servizos, tanto desde o punto de vista técnico (formas, materiais, características estruturais) como desde o punto de vista gráfico (lendas, cores, grafismos), ou realizados por Pemes fabricantes dos devanditos para uso de terceiros.

6.1.2. Sistemas de calidade e xestión ambiental.

Proxectos para a implantación nunha PEME pertencente aos sectores da construción, comercio ou servizos; de normativas de aseguramento da calidade (ISO 9000, ISO 17.025, Q de calidade turística, UNE 175001 de comercio detallista) e/ou ambiente (ISO 14000) que permitan obter a certificación dunha entidade certificadora acreditada por ENAC. Os proxectos consideraranse realizados cando a PEME acredite que, cando menos, iniciou o proceso de certificación.

6.1.3. Empresa familiar.

Proxectos para a elaboración de plans e protocolos de sucesión xeracional nas Pemes galegas de carácter familiar, cara a asegurar os métodos e acordos que rexerán o acceso dos membros das familias á empresa así como os acordos que rexerán nas sucesións xeracionais.

6.1.4. Primeira expansión da PEME.

As pequenas empresas galegas, con evolución empresarial moi positiva, poderán presentar proxectos de estudo e análise de actuación cara á súa primeira grande expansión. O obxecto do proxecto debe ser necesariamente a procura de plans de acción para que a pequena empresa poida levar adiante un importante redimensionamento, que a converta en empresa mediana (máis de 50 traballadores) e duplique polo menos o seu cadro de persoal.

6.2. Gastos subvencionables.

6.2.1. Colaboracións externas e servizos asociados ao proxecto proposto. Subvención: ata o 50% do custo (sen IVE).

6.2.2. Custos de certificación por entidade acreditada en proxectos de implantación de sistemas de xestión da calidade ou xestión ambiental. Subvención: ata o 50% do custo (sen IVE).

6.2.3. Custos de fedatarios públicos para a elevación a público dos plans e protocolos de sucesión nas empresas familiares. Subvención: o 50% do custo (sen IVE).

6.3. Límites de proxecto ou subvención.

6.3.1. Deseño.

Deseño de produto:

-A subvención ao deseño de produtos de ciclo curto que constitúan unha nova liña de actividade na empresa limitarase a 10.000 €.

6.3.2. Sistemas de calidade.

a) Colaboracións externas e servizos asociados: a base subvencionable máxima limitarase a 12.000 € para a consultoría de implantación dunha soa norma, e a 18.000 € para a implantación conxunta das de calidade e ambiente.

b) Custo de certificación do sistema, facturados por entidade acreditada por ENAC. A base subvencionable máxima limitarase a 6.000 € para a certificación nunha soa norma e a 12.000 € para a certificación en calidade e ambiente.

6.3.3. Empresa familiar e primeira expansión da PEME.

A subvención máxima para os custos de colaboracións externas na elaboración dun plan ou protocolo de sucesión familiar, ou na análise cara á primeira expansión da pequena empresa, será de 5.000 €.

Base 7ª.-Criterios de concesión da axuda.

7.1. Será condición necesaria para avaliar os proxectos:

a) Que sexan tecnicamente factibles (que utilicen tecnoloxías suficientemente probadas).

b) Que se axuste á tipoloxía de proxectos subvencionables e presente unha mínima definición.

c) Que a capacidade da entidade solicitante sexa suficiente para garantir a completa execución do proxecto.

7.2. As solicitudes que cumpran as anteriores condicións serán avaliadas baixo os seguintes criterios:

7.2.1. Proxectos promovidos por organismos intermedios:

a) O interese do proxecto e o grao de maduración e definición (0-30 puntos).

b) Os antecedentes, experiencia e capacidade financeira do organismo intermedio (0-10 puntos).

c) Experiencia e capacidade dos colaboradores externos se os houber (0-15 puntos).

d) O sector de actividade, considerando preferentes os complexos de actividade seguintes (0-10 puntos):

-Rochas ornamentais.

-Sector moda.

-Industria auxiliar de automoción.

-Telecomunicacións-audiovisual.

-Turismo.

-Madeira e moble.

-Ambiente.

-Sectores emerxentes ou de alto potencial: biotecnoloxía, robótica, industria farmacéutica, aeronáutica, instrumentación de precisión.

e) Proxecto multisectorial (0-10 puntos), en función da composición e a porcentaxe de participación de sectores preferentes.

f) O número de empresas participantes no proxecto, e se están predeterminadas ou serán determinadas ao longo do proxecto (0-20 puntos).

g) Proxectos promovidos por organizacións tipo clúster galegas (0-10 puntos).

7.2.2. Proxectos promovidos por Pemes, individualmente:

a) O interese do proxecto e o grao de maduración e definición (0-30 puntos).

b) O sector de actividade, considerando preferentes os complexos de actividade seguintes (0-10 puntos):

-Rochas ornamentais.

-Sector moda.

-Industria auxiliar de automoción.

-Telecomunicacións-audiovisual.

-Turismo.

-Madeira e moble.

-Ambiente.

-Sectores emerxentes ou de alto potencial: biotecnoloxía, robótica, industria farmacéutica, aeronáutica, instrumentación de precisión.

c) O tamaño da PEME en relación co obxecto do proxecto (0-20 puntos).

d) Experiencia e capacidade dos colaboradores externos se os houber (0-15 puntos).

e) As características do proxecto (0-20 puntos):

-En proxectos de deseño serán prioritarios os proxectos de deseño de produtos previstos na base 6.1.1.a).

-En proxectos de implantación e certificación de sistemas, serán prioritarios os proxectos promovidos por Pemes de 5 ou máis traballadores, cando prevegan a certificación do sistema no período de execución do proxecto.

-En empresas familiares serán prioritarios os proxectos de empresas dirixidas na actualidade pola 2ª xeración familiar.

-En proxectos de expansión empresarial, serán prioritarios os proxectos de empresas entre 15 e 49 traballadores na data de solicitude.

Dentro das medidas contempladas, darase especial cobertura aos proxectos dirixidos a colectivos de autónomos, artesáns e mulleres empresarias (+ 5 puntos).

**Base 8ª.-Condicións de carácter xeral**

8.1. Os beneficiarios terán que estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Facenda Pública Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social e non estar incurso en prohibición legal para percibir subvencións.

8.2. Os gastos de investimento non poderán terse iniciado antes da data de presentación da solicitude, e unicamente serán subvencionables os gastos realizados e pagados posteriormente á presentación da solicitude de axuda e con anterioridade á finalización do prazo concedido para a execución do proxecto. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda e non poderá superar o 30 de outubro de 2007. No caso de falla doutros medios de acreditación válidos, entenderase como data de execución da actuación a de emisión da factura correspondente. Para os outros tipos de gasto, poderán ser subvencionables os incorridos desde o 1 de xaneiro de 2006.

8.3. Os investimentos subvencionados manteranse cando menos durante 5 anos en Galicia, 4 anos en caso de equipos informáticos.

Base 9ª.-Prazo de presentación de solicitudes e créditos dispoñibles para 2006 e 2007.

A convocatoria das axudas, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos dispoñibles serán obxecto de publicación no DOG por resolución do director xeral do Igape.

Das contías que se establezan, reservaranse fondos específicos para atender os proxectos a implantar en Pemes das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como para os proxectos previstos no punto 5.5.4. destas bases. No caso de que non existisen solicitudes axeitadas para esgotar estes créditos aplicarase de xeito xeral para os proxectos aprobados.

**Base 10ª.-Tramitación das solicitudes.**

10.1. Para presentar unha solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu Servizo de Asistencia Técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo de internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario.

Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

10.2. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas que será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

10.3. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

10.4. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no rexistro telemático da Xunta de Galicia.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro do 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG número 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos a efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmentemente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación, consonte o citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos da letra b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas.

Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape na epígrafe Tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro.

10.5. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante.

#### 10.6. Instrución do procedemento.

10.6.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao proxecto declarados no cuestionario descriptivo do proxecto.

10.6.2. Proposta de resolución.-Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes co informe dos servizos técnicos do Igape, os proxectos presentados serán obxecto de avaliación conxunta pola Comisión Mixta de Seguimento do Plan de Consolidación e Competitividade da PEME na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta avaliación servirá de base á proposta correspondente que se elevará ao director xeral do Igape para resolución.

#### 10.6.3. Resolución.

10.6.3.1. Na resolución de concesión de axuda farase constar para cada proxecto aprobado:

- O importe do gasto subvencionable a xustificar.
- A contía e porcentaxe da subvención concedida.
- As condicións e prazos de execución previstos no proxecto subvencionado.
- O prazo establecido para o cumprimento de todas as condicións da subvención.
- A documentación que o beneficiario deberá achegar no trámite de aceptación da resolución de concesión.
- Se é o caso, a obriga establecida no punto 4 da base 3ª, de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análoga da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e, se é o caso, pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

-Outras condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto, entre elas a especificación detallada dos mecanismos previstos en cada proxecto para a acreditación diante do Igape destas condicións de obrigada observancia.

10.6.3.2. Na resolución denegatoria de axuda farase constar para cada proxecto non aprobado o motivo de denegación. Cando o motivo de denegación resulte de non acadar os puntos de avaliación necesarios no proceso de selección, explicitarase a puntuación

acadada así como o posto de reserva que lle corresponde na lista de espera elaborada co fin de que, de producirse desistencias ou renuncias entre os proxectos aprobados, poidan ser propostos para concesión por estrita orde de puntuación acadada.

10.6.3.3. A resolución seralle notificada ao solicitante naquela parte en que o afecte. Se a resolución é de concesión, o beneficiario terá un prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación cumprindo a dilixencia que se anexe, así como para a presentación da documentación (en orixinal ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión, que con carácter xeral será a seguinte:

- a) DNI do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.
- b) No caso de persoas xurídicas: poder de representación inscrito, se é o caso, no rexistro competente do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.
- c) No caso de persoas xurídicas: documento de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.
- d) No caso de que non fosen xa obtidos directamente polo órgano xestor, certificados de estar ao día de pagamentos nas súas obrigas tributarias, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
- e) No caso de entidades exentas de IVE, copia cotexada do acordo de exención emitido pola AEAT.
- f) Calquera outra documentación necesaria para efectos da liquidación da axuda concedida que voluntariamente decida anticipar.

A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións que sexan de aplicación.

10.6.3.4. Transcorrido o prazo de aceptación sen a recepción da dilixencia de aceptación ou da documentación requirida, o Igape terá ao beneficiario por renunciado da axuda aprobada, procedendo ao arquivo do expediente, logo de resolución declarativa desta circunstancia.

10.6.3.5. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de tres meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen ter recaída resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

#### Base 11ª.-Recursos.

11.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer contra elas un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da súa notificación.



11.2. Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución, un recurso de reposición, que resolverá o Consello de Dirección do Igape.

Base 12ª.-Obrigas dos beneficiarios.

12.1. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nas presentes bases ou demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificadas, os prazos poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do interesado.

b) Acreditar ante o Igape a realización do custo subvencionado, achegando toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións no seu caso impostas. Os custos incorridos polo beneficiario deberán ser xustificadas mediante a presentación de facturas orixinais e xustificantes de pagamento efectivo das devanditas emitidos por entidades financeiras, non admitíndose pagamentos en efectivo, salvo para importes inferiores aos 3.000 € por provedor.

c) Acreditar ante o Igape que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas para obter dos organismos competentes os certificados de que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, da Seguridade Social e da Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlle requiridos ao interesado.

d) Cumprir as demais condicións establecidas na resolución de concesión.

e) No caso de cofinanciamento europeo, dar a adecuada publicidade do devandito, nos termos que resulten da resolución de concesión.

f) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actividades de comprobación poderán ser entre outras:

-Visitas ás Pemes partícipes no proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos do organismo intermedio e/ou empresas partícipes, en que se basean as xustificacións técnicas e administrativas.

g) Comunicarlle ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, tanto por parte do beneficiario como das Pemes partícipes. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso coa solicitude de aboamento da subvención. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto subvencionado ou as porcentaxes máximas de subvención establecidas para cada caso nas bases 5ª e 6ª.

h) Dispoñer, se é o caso, dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos na resolución de concesión.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control; isto é, por non ter prescrito o prazo de 5 anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

j) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda ou subvención que sexan establecidas na resolución.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados na base 16ª.

12.2. O incumprimento das citadas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de demora.

Base 13ª.-Incidencias e modificacións do proxecto.

13.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

13.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foron concedidas as ditas axudas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto.

13.3. En caso de modificación do proxecto aprobado, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución. No caso de que a modificación solicitada afecte os datos declarados no cuestionario, deberá cubrir previa-

mente un novo cuestionario descritivo do proxecto na aplicación de axuda na internet, e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación. Para as solicitudes de modificación do prazo de execución do proxecto (prazo de vixencia) non se precisará cubrir un novo cuestionario.

13.4. O director xeral do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

13.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Base 14ª.-Xustificación.

14.1. A xustificación ante o Igape da execución do proxecto e do cumprimento de todas as condicións establecidas na resolución de concesión, realizarase polo beneficiario como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión para a execución do proxecto.

14.2. Dado que a resolución de concesión de axuda é ditada en función das declaracións relativas ao proxecto contidas na solicitude, en trámite de xustificación deberá acreditarse documentalmente o cumprimento dos extremos declarados, mediante a presentación da solicitude de cobramento normalizado, anexo IV e a documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá comportar a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas, nos termos establecidos na base 16ª.

14.3. Cando na resolución de concesión se fixasen prazos parciais para que o beneficiario acredite a execución, como mínimo, dunha determinada porcentaxe do gasto subvencionado ou o cumprimento doutras condicións, o seu incumprimento significará o inicio dun expediente que poderá finalizar coa revogación da axuda.

14.4. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establezan na resolución,

podrán ser ampliados de oficio ou por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

14.5. Excepcionalmente, cando a xustificación documental resulte insuficiente para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar, que se achegue informe de auditoría independente.

14.6. Sen necesidade de instar procedemento de modificación, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos aprobados, coa condición de que a oscilación, en máis ou en menos, non supere o 20% de cada capítulo, e sen que este proceso resulte nun incremento da subvención máxima aprobada. Así mesmo, non comportarán o inicio do procedemento de incumprimento aquelas xustificacións que reflectan a realización de todas as accións aprobadas no proxecto aínda que por un menor custo que o inicialmente aprobado.

14.7. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Base 15ª.-Aboamento das subvencións.

15.1. O aboamento das subvencións realizarase unha vez o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións.

15.2. O cobramento solicitarase como liquidación única da subvención.

15.2.1. Dentro do prazo máximo de dous meses seguintes á finalización do prazo de vixencia establecido na concesión, deberá acreditarse a execución da totalidade do proxecto e o cumprimento das condicións no seu caso establecidas na resolución.

15.2.2. Así mesmo, poderase efectuar un pagamento único da subvención, dentro do prazo de vixencia, aínda cando quede pendente de acreditar algunha condición, unha vez xustificada a execución da totalidade do gasto do proxecto subvencionado e o cumprimento daquelas condicións que o seu prazo vencesse con anterioridade á presentación da solicitude de cobramento. Neste caso, o cobramento da subvención estará condicionado á previa presentación de garantías. Deberase presentar garantía constituída mediante aval solidario da entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos, que cubra o importe do pagamento e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da súa concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitude e como mínimo aquela en que se cumpran seis meses do fin do prazo final de vixencia previsto

na resolución de concesión. Cando o beneficiario acredite que foron cumpridas todas as condicións da resolución de concesión, autorizarase o levantamento do aval.

Base 16ª.-Incumprimento.

16.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axuda e, se é o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nas presentes bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxeran na resolución de concesión.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

16.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou dou-

tras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou as porcentaxes máximas de axuda establecidas nestas bases.

16.3. O procedemento de incumprimento iníciase de oficio polo órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo de informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

16.4. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión, e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de demora de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes aos conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Excepcionalmente o Consello de Dirección do Igape poderá autorizar un incumprimento parcial distinto cando as súas causas quedasen suficientemente xustificadas e non se desvirtúase a finalidade da subvención.

c) En caso de que o incumprimento se refira á obtención da subvención por unha contía que o seu importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere os topes máximos legalmente permitidos, procederá o reintegro do exceso obtido sobre os ditos topes máximos.

d) Se o incumprimento derivase da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos previstos nos puntos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumplida.

e) A concorrencia de distintas causas de incumprimento ou incidencias dará lugar á aplicación a cada unha delas das regras previstas neste punto.

f) Procederá declarar a revogación total da axuda cando o incumprimento se refira aos requisitos establecidos en cada caso para obter a condición de beneficiario.

16.5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeráse de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

16.6. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o director xeral ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

16.7. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sobre incumprimento será de seis meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado o dito prazo non se tivese notificada a resolución entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando a dita circunstancia de caducidade e ordenando o arquivo de actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose a incoar novo expediente entremetres non prescriba o dereito a iso.

16.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000 que a desenvolve en materia de axudas e subvencións.

16.9. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra causa de reintegro.

16.10. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Base 17<sup>a</sup>. Incompatibilidade.

17.1. As axudas previstas nestas bases serán incompatibles con aquelas reguladas polo Igape.

17.2. Sen prexuízo dos límites específicos establecidos nestas bases e con carácter xeral estas axudas serán compatibles con calquera outra das establecidas por calquera Administración pública, ins-

titución ou ente público, sempre e cando non se superen as porcentaxes máximas definidas nas bases 5<sup>a</sup> ou 6<sup>a</sup> segundo o caso.

Base 18<sup>a</sup>.-Publicación de concesións.

As axudas concedidas ao abeiro destas bases serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es), expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Base 19<sup>a</sup>.-Informes.

Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitirá á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

Base 20<sup>a</sup>.-Restricións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros.

En virtude do establecido no artigo 37 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e por mor da necesaria protección do segredo comercial ou industrial dos solicitantes das axudas reguladas nestas bases, entenderase excluído o dereito de acceso a arquivos e rexistros administrativos respecto dos datos contidos no expediente que polo seu contido deban ter este mesmo tratamento.

Base 21<sup>a</sup>.-Control e comprobación das axudas.

21.1. As axudas establecidas nestas bases poderán ser cofinanciadas co fondo Feder da Unión Europea.

21.2. Sen prexuízo da comprobación material previa ao pagamento, da realidade dos gastos subvencionados que proceda, anualmente elaborárase en coordinación coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, un Plan de Comprobación de Axudas e Subvencións, cos criterios que para tal efecto se establezan.

21.3. Así mesmo, as empresas beneficiarias soméntense ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como ás que poida efectuar, se é o caso, a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos. Neste sentido os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

Base 22<sup>a</sup>.-Interpretación.

Corresponde ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 23<sup>a</sup>.-Silencio administrativo.

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que se establecen nestas bases poderán considerarse desestimadas.

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
 E FACENDA



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DO IGAPE PARA O PLAN DE CONSOLIDACION E COMPETITIVIDADE DA PEME.</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>EC524C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

ENTIDADE		NIF	
ACTIVIDADE	CORREO ELECTRÓNICO		
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE		CÓDIGO POSTAL	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

**SOLICITUDE PARA**

*(Sinalar só un recadro)*

<p><b>PROXECTO PROPOSTO POR ORGANISMO INTERMEDIO:</b></p> <p><input type="checkbox"/> 1.- Sociedade da información (base 5.5.1)</p> <p><input type="checkbox"/> 2.- Innovación de procesos: xestión e organización en Pemes (base 5.5.2)</p> <p><input type="checkbox"/> 3.- Deseño (base 5.5.3.1)</p> <p><input type="checkbox"/> 4.- Redes interempresariais de cooperación (base 5.5.3.2)</p> <p><input type="checkbox"/> 5.- Sistemas de calidade e xestión ambiental (base 5.5.3.3)</p>	<p><b>PROXECTO PROPOSTO POR PEME INDIVIDUAL</b></p> <p><input type="checkbox"/> 6.- Deseño (base 6.1.1)</p> <p><input type="checkbox"/> 7.- Sistemas de calidade e xestión ambiental (base 6.1.2)</p> <p><input type="checkbox"/> 8.- Empresa familiar (base 6.1.3)</p> <p><input type="checkbox"/> 9.- Primeira expansión da PEME (base 6.1.4)</p>
--	---

**Non debe entregar ningunha documentación á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o seu código de comprobación**

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

*O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo Identificador de Documento Electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude.*

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática

*Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, previa identificación mediante certificado.*

<p><b>Legislación aplicable:</b>  <i>Bases reguladoras das axudas do Igape para o Plan de Consolidación e competitividade da PEME</i></p>	<p>ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN</p> <p>SELO DE REXISTRO DE ENTRADA</p>
<p>En _____ o _____ de _____ de _____</p> <p style="text-align: center;"><b>SINATURA E SELO</b></p> <p>D./D<sup>a</sup>.: _____</p> <p style="text-align: center;"><b>O/A REPRESENTANTE LEGAL</b></p>	<p>Nº. DE EXPEDIENTE</p>

*Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.*

Presidente do Igape